

O CORREO DE BARSOWIA



OLA, AMIGÜÑOS!
ANTE O ALUVIÖN
DE CARTAS RECIBIDAS
INAUGURAMOS UNHA NOVA
SECCIÓN DENTRO
DE BARSOWIA
ADICADA A
VOS...



LEMBRADE QUE VOS
FACEDES BARSOWIA,
ASÍ QUE, DE PARTE
DOS QUE DEBUXAMOS
NESTE FANZINE,
GRAZAS A TODOS

EMPECAMOS COAS
CARTAS: CARLIÑOS
MARRÓN DENDE
XINZO DI QUE NON
ENTENDE OS NÓSOS
CÓMICS E QUE DE
QUE CARALLO IMOS...
EEH... GRAZAS,
CARLIÑOS!



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
MANDANOS SEIS FOLLAS
COAS NOSAS ERRATAS
CALIFICANDOAS DE
"SANGRANTES".
GRAZAS, AS CRÍTICAS
CONSTRUCTIVAS
SEMPRE SERÁN
BEN RECIBIDAS!

NORABOA, BARSOWIA, GAÑACHES 3000€ "BY THE FACE". SE QUÉRES COBRALOS SÓ TES QUE... BUFI MOITAS GRAZAS, SEÑORES ESTAFADORES DE CADEAS DE CARTAS POR LEMBRARVOS DE NOS...



GRAZAS TAMÉN Á IGREXA EVAN- XÉLICA, E ADVENTISTA DE COTOBADÉ QUE NOS ESCRIBE ACUSANDONOS DE...

SATANISMO!! A NÓS!! O PARECER OS NOSOS CÓMICS DE ROBOTS ORGÁNICOS E ALIENI- XENAS CON TENTÁCULOS FÁLICOS SON UN ATENTADO CONTRA AS ESCRITURAS E AMENÁZANOS CUNHA... DEMANDA XUDICIAL!! DIN QUE TEÑEN O EMAIL DE GARZÓN E QUE NON TEÑEN NINGUN MEDO DE USALO. "REZAREMOS POR VÓS" ESCRIBEN AO FINAL.



ANA DE VILA DE CRUCES DI QUE NON NOS LE, PERO PIDE O NÚMERO DE DAVID RUBIN QUE O VIU NA TELE E PARÉCEULLE MOI MONO. XAN DE FORNELLOS DE MONTES SÍ QUE NOS LE, PERO ESCRIBE PARA ACUSARNOS A TODOS DE PLAXIO E PIDE CARTOS...



O CONSUL DE POLONIA EN FORCAREI PROIBENOS USA-LO NOME DE BARSOWIA E POLAGIA A NON SER QUE PUBLIQUEMOS OS DEBUXOS DE SEU FILLO QUE ESTÁ REMATANDO A PRIMARIA EN CRACOVIA, DI QUE SE AXUSTA Ó NOSO PERFIL!!



GRÑÑÑ!! GRAZAS... AMIGOS... POR ESCRIBIR... (GRUÑIDO) VÓS FACEDES BARSOWIA... (ASCO, ANGUSTIA, IRA) AGARDAMOS AS VOSAS PUT... CARTAS (ODIO)

DIMITO!!

FILLOS DE PUTA!

PANDA DE CHINGOS!!

DIMITO!!

VOLVAN NA PRÓXIMA ENTREGA DE

O CORREO DE BARSOWIA

A partir da próxima entrega atenderávos ó Sr. Sprocket

